



Excmo. Concello de Tui



PREGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS PARA A EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2017.

1.- OBXECTO

A Concellería de Deportes realizará nos meses de xullo e agosto o Campamento de Verán 2017.

Este campamento vai destinado aos nenos/as e mozos/as de Tui con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos (idades cumpridas antes do inicio de cada quenda do campamento). O desenvolvemento do campamento de verán levarase a cabo ao longo dos meses de xullo e agosto, co fin de ofrecer unha alternativa lúdica, deportiva e educativa aos nenos/as do concello de Tui. Ademais, co desenvolvemento dos Campamentos de Verán, preténdese ofrecer unha alternativa aos pais e nais que traballan durante ese período, para que poidan conciliar así a vida familiar e laboral.

Para desenvolver as actividades do mesmo, utilizaranse as dependencias do centro deportivo municipal do pavillón novo de Tui, así como as do CEIP Nº2 de Tui (ximnasio e patio), quedando excluídas as dependencias administrativas e os seus medios telemáticos, á empresa adxudicataria.

O Concello de Tui non dispón de persoal específico suficiente para a realización destes campamentos e a non conveniencia da súa ampliación, polo que realizará a adxudicación a unha empresa especializada.

2.- CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA

A actividade a desenvolver pola empresa adxudicataria consistirá na execución dun programa lúdico deportivo de ocio e tempo libre, dirixido á poboación infantil de entre 3 e 12 anos, que permita aos participantes gozar dun ocio deportivo, saudable, en valores e educativo durante o período estival.

O programa de actividades contará con:

- Actividades deportivas
- Actividades medioambientales
- Actividades que traballen a educación en valores
- Actividades de expresión artística e creativa
- Talleres, xogos e dinámicas.

Desenvolverase unha programación xeral das dúas quendas e unha específica para cada quenda co fin de non repetir actividades durante as mesmas.

Incluirase unha programación detallada da planificación e organización da actividade, onde se especificaran as actividades a realizar, a temporalización das mesmas e os recursos necesarios.



Excmo. Concello de Tui



Nesta programación por quenda incluírase, polo menos unha vez por semana:

- actividades na piscina municipal de verán (para o cal a empresa deberá coordinar co Concello de Tui os horarios).
- actividades no río (piragüismo ou outros deportes náuticos), nos tramos de idades recomendados, sempre que as condicións climatolóxicas o permitan.
- saídas medio ambientais.

A temporalización será de luns a venres, das 09.00 a 14.00 horas, nos seguintes períodos:

- 1ª quenda: **10 ao 24 de xullo**
- 2ª quenda: **26 de xullo ao 9 de agosto**

O horario de entrega dos nenos será entre as 09.00 e 09.15 horas, e o horario de recollida entre as 13.45 e as 14.00 horas.

A empresa adxudicataria correrá cos gastos materiais e persoais que leve consigo a realización de ditas actividades, así como do transporte para as mesmas.

A empresa adxudicataria asistirá, xunto cos técnicos da Concellería de Deportes, no caso de que se convoque, a unha reunión informativa para as familias, na que se describirán as características das actividades a realizar e darase resposta as dúbidas plantexadas polos familiares.

3.- PRAZAS OFERTADAS

O número de prazas mínimo por quenda será de 160 nenos/as.

4.- RECURSOS HUMANOS

Para levar a cabo os procesos de planificación, execución e avaliación da actividade, a empresa adxudicataria deberá propoñer un equipo de traballo, que deberá contar coa titulación esixida.

O número mínimo de monitores será o seguinte:

- 1 Coordinador Xeral
- 1 Coordinador polos diferentes tramos de idades
- Os monitores deberán estar en posesión do título de monitor de tempo libre (manterase un ratio de 15 alumnos por monitor)
- Socorristas no caso de levar aos nenos/as en período fora da apertura da piscina, que deberán permanecer na instalación sempre que os nenos e nenas realicen actividades nela. Así mesmo, estes socorristas deberán acompañar aos grupos nas actividades realizadas no río.

A empresa se encargará de cumprir o establecido no artigo 13.5, da Lei 26/2015, de 18 de xullo, de modificación del sistema de protección a la infancia y a la



Excmo. Concello de Tui



adolescencia, onde indica: "será requisito para el acceso y ejercicio a las profesiones, oficios y actividades que impliquen contacto habitual con menores, el no haber sido condenado por sentencia firme por algún delito contra la libertad e indemnidad sexual, que incluye la agresión y abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo y provocación sexual, prostitución y explotación sexual y corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, quien pretenda el acceso a tales profesiones, oficios o actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante la aportación de una certificación negativa del Registro Central de delincuentes sexuales". Por isto, a empresa entregará, por registro de entrada, a relación dos certificados de cada un dos monitores que traballarán no campamento de Tui.

Os monitores deberán ir debidamente uniformados para a súa mellor identificación.

5.- METODOLOXÍA

A metodoloxía a utilizar será participativa, e adaptada a cada grupo de idade e necesidades específicas do grupo e dos seus compoñentes.

Durante cada quenda as actividades deberán ter un fío conductor, e serán diferentes en cada unha delas, traballando contidos transversais de educación en valores, medio ambiente, saúde, etc.

6.- PUBLICIDADE

A publicidade correrá a cargo do Concello de Tui, que se encargará da elaboración do cartel publicitario e da impresión de 100 carteis, que serán repartidos por todo o municipio.

O Concello de Tui realizará a difusión do campamento con cuñas na RMT e notas de prensa nos medios de comunicación habituais.

7.- OBRIGACIÓNS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

1. Cumprir o contrato de acordo ás prescricións recollidas no presente prego.
2. A manter reunións cos responsables municipais, para coordinar o programa de actividades establecidos no proxecto da empresa adxudicataria.
3. Desenvolvelo programa de actividades lúdicas, deportivas e de ocio e tempo libre de forma directa.
4. Nomear un Coordinador Xeral da campaña de verán que será o encargado de coordinar e estar en todo momento en contacto coa Concellería de Deportes, e facer de interlocutor.



Excmo. Concello de Tui



5. A empresa adxudicataria dispoñerá dun teléfono móbil operativo durante a duración do campamento así como dun vehículo de apoio.
6. Proporcionar e costear integramente o material necesario, así como o persoal para o correcto funcionamento do servizo e axeitada atención aos participantes.
7. A empresa achegará o correspondente certificado de cada un dos traballadores do campamento, tal e como establece o artigo 13.5, da Lei 26/2015, de 18 de julio, de modificación del sistema de protección a la infancia y a la adolescencia.
8. Facilitar a integración daqueles menores que presenten necesidades educativas especiais mediante os recursos humanos e materiais necesarios.
9. Entregar unha camiseta a cada un/unha dos participantes por cada quenda, que terá que ter os logos do Concello de Tui, de Deportes do Concello de Tui e da empresa adxudicataria, coa lenda: "Campamentos de Verán - Tui 2017".
10. Uniformar aos monitores para a súa mellor identificación por parte dos nenos/as e os seus pais/nais.
11. A empresa adxudicataria comprométese ao tratamento dos datos de acordo coa Lei 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
12. Recoller as opinións dos pais/nais/titores sobre as actividades, de conformidade co modelo proposto pola empresa adxudicataria e aprobado polo Concello de Tui, e proporcionar os datos e resultados obtidos.
13. Contratar un seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cubra os riscos da actividade, de acordo ao establecido legalmente, tanto para os seus traballadores como para os participantes, que deberá ser achegado ao Concello de Tui antes do inicio da actividade.
14. A empresa adxudicataria comprométese a non realizar fotografías ni outro tipo de documento gráfico o vídeo, aos menores participantes no campamento sen a previa autorización da que quedará a debida constancia.
15. Rematado o campamento, a empresa adxudicataria presentará na Concellería de Deportes, no prazo máximo de 10 días, unha memoria do desenvolvemento e evolución do campamento urbano, no que se incluírá o número de participantes e idades, grao de satisfacción, logro dos obxectivos, actividades desenvolvidas, e avaliación das actividades. Esta memoria entregárase tanto de xeito impreso coma nun USB.
16. A empresa adxudicataria entregará tamén un USB co reportaxe fotográfico de todo o campamento, dividido en carpetas por cada unha das quendas.



Excmo. Concello de Tui



8.- OBRIGACIONES DO CONCELLO

1. O Concello poñerá a disposición da empresa adjudicataria as instalacións do Colexio Nº2 de Tui (ximnasio e patio) e o pavillón deportivo municipal, quedando excluídas as dependencias administrativas e os seus medios telemáticos. Tamén se poñerá a disposición da empresa un horario de uso da piscina municipal de verán, sempre fora do horario de apertura ao público xeral.
2. Os custes derivados do consumo nos devanditos centros da luz, auga e combustible correrán por conta do Concello de Tui.
3. A limpeza dos centros correrá a cargo do Concello de Tui.
4. A empresa adjudicataria será a encargada de realizar, xunto cos responsables do Concello, a xestión administrativa das inscricións.
5. A publicidade correrá a cargo do Concello de Tui.

9.- VALOR DO CONTRATO

O orzamento máximo de licitación deste contrato ascende á cantidade de:

Orzamento base: 16.272,73€.

IVE: 1.627,27€.

Orzamento total: 17.900,00€.

10.-CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Para a valoración das proposicións atenderase a varios criterios de adxudicación, sendo os seguintes:

1º.-CRITERIOS CUXA PONDERACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR

PROXECTO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO. Ata un máximo de 30 puntos.

Deberá presentarse unha memoria/plan especificando en particular os seguintes aspectos: Programación xeral e específica de cada unha das quendas; cronograma das actividades a desenvolver; metodoloxía a utilizar e fío conductor do campamento; actividades especiais a realizar en cada quenda (piragüismo, natación, saídas medioambientais), establecidas por tramos de idade; medios humanos que se achegarán para a prestación do servizo (acompañando os datos persoais, titulación); medios materiais e equipamento do persoal ao cargo do programa; modelo de camiseta a entregar a cada participantes en cada quenda; modelo de enquisa de grao de satisfacción do campamento e por último, protocolo e modelo de documentación asociada para a entrega e recollida dos nenos/as.



Excmo. Concello de Tui



Este criterio valorase tendo en conta o alcance e viabilidade do proxecto de acordo coa metodoloxía, programación e planificación proposta, coherencia do cronograma e metodoloxía exposta, calidade global do servizo ofertado; as características dos medios materiais a empregar para o desenvolvemento; a maior adscrición de recursos humanos especializados respecto do persoal mínimo sinalado no presente prego e no prego de prescricións técnicas así como a súa cualificación, valorándose especialmente a diminución na ratio monitor/alumno; tamén será obxecto de valoración a calidade da camiseta e adecuación á finalidade de identificación dos tramos de idade; valorarase así mesmo o protocolo a empregar para a eficaz entrega e recollida dos menores así como o modelo de enquisa de satisfacción do campamento que permita extraer con claridade a percepción que os usuarios teñen do servizo de campamento de verán e demais datos que permitan obter o grao de satisfacción e aspectos de mellora do devandito servizo.

2º.-CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

a.-Oferta económica: baixa no prezo do contrato: Máximo de 30 puntos.

Valorarase con 30 puntos a oferta económica máis baixa e con 0 puntos a oferta económica coincidente co prezo de licitación, valorándose o resto de ofertas de acordo coa seguinte fórmula:

$$V_i = \left(\frac{B_i}{B_{\max}} \right) \times \text{valoración} - \text{outorgada} - a - \text{oferta} - \text{económica} -$$

Sendo:

V_{in} : Puntuación da oferta i

B_i : baixa da oferta i . Donde $B_i = \text{Tipo} - O_i$; sendo Tipo o tipo da licitación e O_i é a oferta da empresa i .

B_{\max} : baixa da oferta máis favorable. $B_{\max} = \text{Tipo} - O_b$; onde Tipo é o tipo da licitación e O_b é a oferta económica máis baixa.

b.-Aumento do número de prazas en cada quenda , ata un máximo de 20 puntos.

Outorgarase a máxima puntuación (ata 20 puntos) ó licitador que oferte o maior número de prazas en cada quincena a maiores das indicadas no prego de prescricións técnicas e o resto distribuirase proporcionalmente mediante a seguinte fórmula:

$$P_i = \left(\frac{NPC_i}{NPC_M} \right) \times 20$$



Excmo. Concello de Tui



Sendo:

P_i = puntuación outorgada ao licitador i .

NPC_i = Número de prazas da oferta i

NPC_M = Maior número de prazas das ofertas presentadas.

Cando o número de prazas ofertado polo licitador sexa coincidente co número de prazas mínimas establecidas nos pregos para cada quenda, esa oferta valorarase neste apartado con 0 puntos.

c.-Aumento no horario do campamento entre as 08.00 e as 15.00 horas de luns a venres (tendo en conta que o horario mínimo establecido é de 9:00 a 14:00 horas), ata un máximo de 20 puntos.-

Outorgarase a máxima puntuación (ata 20puntos) ó licitador que oferte o maior número de horas no campamento das indicadas no prego de prescricións técnicas e o resto distribuirase proporcionalmente mediante a seguinte fórmula:

$$P_i = \left(\frac{NHC_i}{NHC_M} \right) \times 20$$

Sendo:

P_i = puntuación outorgada ao licitador i .

NHC_i = Número de horas da oferta i

NPC_M = Maior número de horas das ofertas presentadas.

Cando o horario ofertado polo licitador sexa coincidente co horario mínimo esixido nos pregos, valorarase esa oferta neste apartado con 0 puntos.

Así mesmo, os licitadores poderán ofertar o aumento de horario mediante fraccións mínimas de media hora. Non serán obxecto de valoración as inferiores a esta fracción.

Tui, 20 de febreiro de 2017

**Asdo. Diego Fernández
Animador Deportivo
Concello de Tui**